

**Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boimorto para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19**

## **1. Antecedentes**

O Concello de Boimorto ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse



sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boimorto que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral. Boimorto (Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Os núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral, pertencentes ao concello de Boimorto, non dispoñen de rede de saneamento. Así, con esta actuación preténdese executar a instalación dun sistema de saneamento composto por unha rede de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro e unha estación depuradora de augas residuais.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

## 4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a cincocentos corenta mil euros (540.000,00 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:



	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE BOIMORTO	IMPORTE
2021	32.000,00 €	0,00 €	32.000,00 €
2022	400.000,00 €	108.000,00 €	508.000,00 €
TOTAL	432.000,00 €	108.000,00 €	540.000,00 €

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

- gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total. O concello de Boimorto financiará exclusivamente este tramo cunha achega máxima de cento oito mil euros (108.000,00 €). En ningún caso, a achega do concello de Boimorto será superior ao gasto non elixible. Se o gasto non elixible definitivo resulta superior, Augas de Galicia financiará a diferenza.
- gasto elixible, que suporá aproximadamente un 80% do investimento e que é susceptible de ser cofinanciado pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

O convenio ten carácter plurianual e a súa vixencia estendese ata o 31 de decembro de 2022.

A estrutura das súas cláusulas responde ao seguinte: Primeira.- Obxecto; Segunda.- Obrigas de Augas de Galicia; Terceira.- Obrigas xerais do Concello; Cuarta.- Obrigas en relación a modificación das obras; Quinta.- Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico; Sexta.- Titularidade das obras; Sétima.- Relación laboral; Oitava.- Comisión de seguimento; Novena.- Natureza do convenio; Décima.- Vixencia do convenio; Undécima.- modificación do convenio; Duodécima.- Extinción do convenio; Décimo terceira.- Responsabilidade por incumprimento do dereito da unión europea; Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal; Décimo quinta.- Publicidade.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela  
A directora de Augas de Galicia  
Teresa María Gutiérrez López  
(asinado dixitalmente)

